



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUGARDOS

*Anuncio convocatoria Espazo Infantil de Xogo 2022*

### ANUNCIO DA CONVOCATORIA DO ESPAZO INFANTIL DE XOGO 2022

**Obxecto:** solicitude de praza no espazo infantil de xogo, ano 2022

**Prazo de presentación de solicitudes:**

- Para participar na quenda de **verán**: as solicitudes presentaranse dende o 10 de maio de 2022 ao 20 de maio de 2022, ámbolos dous inclusive. No caso de existir vacantes, poderanse presentar solicitudes ata o 05/08/2022.

- Para participar na quenda de **Nadal**: as solicitudes presentaranse dende o 10 de novembro de 2022 ao 20 de novembro de 2022, ámbolos dous inclusive.

Esta actividade rexerese polas Bases xerais do Espazo Infantil de Xogo do Concello de Mugardos (BOP núm. 101 do 30/05/2018), así como a ordenanza fiscal núm. 28 reguladora da taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral.

Asinado en Mugardos pola concelleira de Benestar Social e Igualdade, Ana María Varela Bastida (delegación por resolución da Alcaldía núm. 535 do 24/05/2021), o día 21/02/2022 tal e como se indica no panel de sinatura.

2022/924